

**RESOLUCIÓN do 16 de febreiro de 2018, do tribunal cualificador da proba test e da proba de galego para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, convocado por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 1 de decembro de 2017 (DOG núm 237 do 15 de decembro), pola que se fan públicos os criterios de corrección, valoración e superación da proba tipo test e de coñecemento do idioma galego:**

De acordo co establecido no artigo 6.2 da Orde do 30 de novembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 229 do 1 de decembro), e tendo en conta o artigo 6 da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 1 de decembro de 2017, este Tribunal na súa sesión de constitución de 15 de febreiro de 2018, acordou facer públicos os seguintes criterios de organización, corrección, valoración e superación da proba tipo test e de coñecemento do idioma galego:

### **1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA TIPO TEST**

1- Os aspirantes serán convocados en chamamento único pola Dirección Xeral de Administración Local, polo que aqueles que, con independencia das escalas nas que estean inscritos, non comparezan á hora que se sinale na convocatoria, decaerán no seu dereito a realizar a proba.

2- O tribunal proporá catro cuestionarios tipo test: un cuestionario de 30 preguntas comúns ás tres subescalas e tres cuestionarios de 30 preguntas específicas, é dicir un para cada unha das tres subescalas que se convocan.

3- A duración máxima para realizar cada un deses catro cuestionarios será de 60 minutos por cuestionario

4- Cada aspirante realizará os cuestionarios correspondentes a cada unha das subescalas nas que estea inscrito.

Desta forma, a duración total da proba sobre o temario correspondente a cada subescala será de 120 minutos (60 minutos da parte común ás tres subescalas e 60 minutos da parte específica que corresponda en cada caso)

4- Cada un dos catro cuestionarios terá tres preguntas de reserva.

5- As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta.



6- Para superar a proba correspondente a cada subescala será necesario contestar un mínimo de 30 preguntas correctas sobre 60.

8- Na formulación das preguntas o tribunal terá en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que no momento de publicación no DOG do nomeamento do tribunal (12 de febreiro de 2018) contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

## **2- CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO**

1- Os aspirantes serán convocados en chamamento único pola Dirección Xeral de Administración Local, polo que aqueles que, con independencia das escalas nas que estean inscritos, non comparezan á hora que se sinale na convocatoria, decaerán no seu dereito a realizar a proba.

2- A proba consistirá na tradución de dous textos propostos polo tribunal, un do castelán para o galego, e outro do galego para castelán.

3- A proba terá unha duración total de 30 minutos.

4- O exercicio valorarase como apto ou non apto.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

A presidenta do tribunal

Ascensión Labella Lozano

*(documento asinado electrónicamente)*

